

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 4º
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DEPARTAMENTO:
DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
	LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Observación sistemática do traballo realizado na aula virtual. – Análise das tarefas realizadas polo alumnado. <hr/> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Rexistro anecdótico do traballo feito na aula virtual. – Tarefas da aula virtual.
Cualificación final	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla. 2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación. 3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.

	<p>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</p> <p>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</p> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
--	--

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Tras as instrucións recibidas da Consellería de Educación de non avanzar en materia no terceiro trimestre, as titoras decidimos modificar os seguintes aspectos na aula virtual:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Propoñer principalmente tarefas de repaso e reforzo dos estándares traballados nos dous trimestres anteriores de forma presencial. – Ofrecer un apartado con actividades de ampliación voluntarias, con pequenas ampliacións de contidos do terceiro trimestre xa que moitos temas xa estaban traballados nos cursos anteriores, polo que sen aumentar os contidos, repasamos aspectos dos anos anteriores para evitar un maior distanciamento dos aprendizaxes adquiridos en terceiro. Considerándoos como un recordatorio e seguimento dos mesmos.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Para o alumnado con conectividade empregouse a Aula Virtual “Recuncho de 4º” con diferentes tipos de tarefas que permitían levar a cabo diversas estratexias metodolóxicas propostas na programación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aprendizaxe mediante o xogo: a través de xogos online nas diferentes áreas e da aplicación SNAPPET. • Reforzo positivo: recompilamos moitos dos traballos e propostas do alumnado cos que creamos vídeos e presentacións para compartilos no curso e co centro. • Estratexias de pensamento: tarefas de realización de esquemas e mapas mentais, tarefas con apartados claros para facilitar a organización. • Aula inversa: tarefas nas que o alumnado tiña que crear e realizar diferentes tarefas para despois ensinalas ós demais (experimentos, representación de cadros, crear preguntas sobre os temas etc.) • Traballo en equipo: mediante foros. <p>No caso do alumnado con problemas de conectividade hai que aclarar que tivemos varias situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que pola situación familiar unida aos problemas de conectividade, non accedeu á aula virtual. Neste caso recompilouse material que se imprimiu no centro escolar e que o concello se encargou de repartir. O seguimento deste material foi mediante fotografías vía WhatsApp. • Unha familia solicitou que as tarefas da aula virtual se lle mandasen por correo, xa que o acceso e traballo na aula virtual (visualización de vídeos, realización das tarefas online) resultáballe imposible cos poucos datos de internet dos que dispoñía e tamén ó número de irmáns que os precisaban. Neste

	<p>caso axudóuselle adaptando as tarefas propostas na aula virtual a un formato máis sinxelo en PDF que se lle mandou por correo. O seguimento deste material foi mediante fotografías vía WhatsApp.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tamén houbo casos de alumnado que parte do tempo puido traballar na aula virtual, pero que nalgunhas ocasións tivo problemas para acceder a esta plataforma. Nestes momentos facilitámoslles material da aula virtual en PDF.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>As titoras de cuarto empregamos material e recursos de diferente tipo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – De elaboración propia: tarefas na aula virtual, apuntamentos, vídeos titoriais, vídeos cos traballos dos alumnos... – Facilitados por editoriais. – Uso da aplicación SNAPPET. – Recompilados de diferentes webs educativas.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase as familias a través do espazo Abalar Móvil da existencia da programación do terceiro trimestre na páxina web do centro e as diferentes maneiras de acceder a ela.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> – Informaremos ás familias por Abalar Móvil. – Aquelas que non dispoñan de Abalar Móvil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.